

Están abertos os prazos para as seguintes accións formativas:

Competencias Clave N2/N3 do programa PEL-Emprego Sustentable no Ámbito Rural

Prazo de presentación: do día **17 de Xaneiro**, ás 14:00H do **25 de Febreiro 2022**.

Quen pode presentar unha solicitude

Persoas **desempregadas**, non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, inscritas na Oficina de Emprego que lle corresponda, e que amosen algunha das seguintes situacións:

- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar empadroad/a en algún dos concellos do territorio do proxecto (poboación inferior a 50.000 habitantes)
- Habitar en zonas consideradas rurais.
- Pertencer a algún dos seguintes colectivos:
 - Persoas desempregadas de longa duración (PLD): en situación de desemprego durante máis de 6 meses continuos si son persoas menores de 25 anos ou durante máis de 12 meses continuos si teñen unha idade igual ou superior a 25 anos. Xuventude menor de 30 anos non participante en accións do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ).
 - Persoas maiores de 55 anos.
 - Persoas con certificado de discapacidade sen impedimento físico ou psíquico que lle impida o normal desenvolvemento das accións formativas e da profesión á que vai asociada esa formación.
 - Persoas inmigrantes.
 - Persoas pertencentes a minorías étnicas e comunidades marxinadas.
 - Outros colectivos desfavorecidos como: participantes que viven en fogares compostos dun único adulto con fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero; vítimas de discriminación por orixe racial ou étnico, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas reclusas e ex reclusas; perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar.

Reservas de prazas para mulleres:

- Competencias clave de nivel 2: 21 mulleres en cada unha das 2 edicións
- Competencias clave de nivel 3: 20 mulleres.

Como e onde facer o proceso

Preferentemente de forma telemática a través do botón "Iniciar trámite". Se o interesado non utiliza a vía telemática, poderá descargar o impreso ou impresos dende esta páxina ou acudir ao rexistro do Concello, onde lle facilitarán o dito impreso/s normalizado/s para presentar.

Documentación

- Formulario, declaración e compromiso debidamente cumprimentado e asinado ([descargar modelo](#)).
- Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Número de Identificación de Estranxeiros (NIE) no seu caso (non necesario se a solicitude é telemática en nome propio).
- Certificación emitida polo SEPE de estar inscrita como persoa desempregada.
- No caso da mocidade (menores de 30 anos), certificado de inscrición no sistema de garantía xuvenil
- Certificado ou Volante de empadramento.
- Documento acreditativo ou informe emitido polos servizos sociais municipais que confirme a situación de vulnerabilidade, cando corresponda.
- Documento de concesión de prestacións sociais e/ou económicas (RISGA, PNC, pensión contributiva, rendas activas de inserción, prestación por desemprego, subsidio por desemprego, etc.), cando corresponda.
- Certificado emitido polo SEPE de non figurar como beneficiario de prestación ou subsidio de desemprego, cando corresponda.
- Declaración responsable da solicitante de non percibir rendas ou ingresos mensuais, iguais ou superiores ao 75% do IPREM vixente, cando corresponda.

Axuda económica para as persoas participantes

As persoas participantes nos itinerarios de PEL Emprego sustentable no ámbito rural terán dereito á percepción dunha axuda económica en forma de bolsa se carecen de rendas ou ingresos de calquera natureza, iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75% do IPREM vixente cada ano, segundo o establecido na lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Para poder percibir esta axuda, a persoa participante deberá completar o itinerario de formación, obtendo o diploma acreditativo ou o certificado de profesionalidade que corresponda, admitindo so ausencias xustificadas de ata o 10% das horas totais da duración.

No caso de ausencias superiores ao 10%, aínda que foran xustificadas, non se considerará completado o itinerario formativo e perderase o dereito á obtención da bolsa económica.

Unha vez determinado o número total de horas de asistencia de cada persoa participante, a Deputación da Coruña, aboará, nun único pago, as axudas que correspondan a aquelas que completen o itinerario e cumpran os requisitos para a súa obtención.

Procedemento de selección para o acceso á formación

As fases a seguir no proceso de selección de persoas participantes e os criterios serán:

- **Inscrición e presentación de solicitudes:** todas as persoas interesadas en participar poden entregar a documentación esixida nos prazos establecidos en calquera das 3 vías habilitadas:
 - 1. Tramitación online na sede electrónica do concello no que estean empadroadas, no acceso habilitado como PEL_Emprego Sustentable.

- 2. Descarga do formulario dende a sede electrónica e achega, xunto coa documentación requirida, no rexistro do concello no que estean empadroadas.
- 3. Dirixirse ao persoal técnico dos servizos de emprego e desenvolvemento local, e ou orientación do concello onde estean empadroadas.
- **Baremación de criterios de carácter xeral:** o persoal técnico do concello dos servizos de emprego e desenvolvemento local, e ou orientación, é o encargado de estimar ou desestimar as inscricións recibidas en función de se cumpre ou non requisitos de acceso e a documentación presentada está completa e é correcta.
- **Entrevista Persoal:** De entre todas as solicitudes admitidas, realizarase primeiro unha valoración obxectiva conforme ao baremo establecido (Avaliación da situación de vulnerabilidade social, segundo o previsto no proxecto PEL Emprego Sustentable no ámbito rural) outorgando 1 punto por cada unha das circunstancias de vulnerabilidade que reúna a persoa solicitante segundo os establecidos e realizarase unha entrevista na que se valorarán aspectos tales como a motivación, a seguridade no compromiso, a non existencia de accións persoais programadas que impidan a asistencia continuada (eventos familiares, cirurxías, viaxes, etc.) adecuación do itinerario á acción formativa solicitada e á súa traxectoria formativa ou laboral, ao seu obxectivo profesional e á existencia dun proxecto de diversificación profesional coherente no seu caso outorgando 0,25 por cada unha das evidencias na entrevista.

Non se admitirán inscricións que non vaian acompañadas da documentación requirida e o baremo resultado da entrevista co/a técnico/a municipal de emprego e desenvolvemento local ou orientación, ou esta non sexa lexible ou non se corresponda coa información solicitada.

Ámbito territorial e centros onde se imparten as accións

O ámbito territorial de orixe das persoas participantes é coincidente co ámbito territorial do proxecto, no que se circunscriben todos os concellos da provincia da Coruña, excepto aqueles que teñen máis de 50.000 habitantes, A Coruña, Ferrol e Santiago.

Os centros onde se desenvolverán estas accións formativas en xornadas de 5 horas e de luns a venres, son:

ACCIÓN FORMATIVA	HORAS	SEDE	CONCELLO	INICIO PREVISTO
Competencias clave nivel 2: Comunicación en lingua castelá e matemática	240	EL ÁBACO Avenida do Xeral Vidal Ríos, 12	BAIO, ZAS	Unha vez cubertas o 60% das prazas ofertadas (mínimo 15 persoas por edición ata o máximo de 15)

ACCIÓN FORMATIVA	HORAS	SEDE	CONCELLO	INICIO PREVISTO

Competencias clave nivel 3: Comunicación en lingua castelá e matemática	400	Escola de Finanzas S.L. (EFFUTURE) Rúa Salvador de Madariaga, 50	OLEIROS	Unha vez cubertas o 60% das prazas ofertadas (mínimo 15 persoas por edición ata o máximo de 15)
---	-----	---	---------	---

Para mais información fala ca técnica de Emprego do Concello